



Camiño de Taverneiro

Etapas Pedre-Codeseda e Codeseda-Couso

O camiño de Ignacio Taverneiro está baseado nunha ruta tradicional que transcorre pola nosa provincia desde Salvaterra do Miño. Desde esta comarca temos por diante un percorrido de aproximadamente 42 km ata Santiago de Compostela que nos leva por un interior cheo de camiños tradicionais salpicados de bosque autóctono e arquitectura popular.

Comezamos no concello de A Estrada, no monte da aldea de Sabucedo, onde podemos atopar as greas de cabalos coas que se celebra a internacional Rapa das Bestas, patrimonio inmaterial e festa de interese turístico internacional.

Entramos na aldea de As Quintas e continuamos polo secular camiño vieiro. Unha paraxe memorable salpicada por arquitectura popular e a fervenza das Quintas. Xa en Codeseda podemos visitar a igrexa de San Xurxo, orixinaria do século XII, e facer parada nos servizos locais. Aquí, o camiño conflúe coa ruta do Camiño da Geira e dos Arrieiros.

Sáimos de Codeseda desde o Cruceiro da Feira do século XVIII para continuar por estrada ata a ponte sobre o río Umia e avanzar por pistas rurais rodeadas de carballeiras e prados ata Tabeirós, onde podemos visitar o seu peto de ánimas, a igrexa de Santiago de Tabeirós de orixe románica e repoñer forzas na cantina da localidade.

Continuamos ata a igrexa de San Xiao de Guimarei e a torre medieval de 10 metros de altura, a carón das ruínas do pazo co mesmo nome. Estamos a apenas a 1 km da vila de A Estrada, na que poderemos atopar todos os servizos que precisamos para o Camiño e pasear pola súa arquitectura modernista e zonas de lecer preto da Casa do concello e da Praza da Farola.

Abandonamos A Estrada somerxéndonos no val do Ulla por unha vía asfaltada e de suave pendente que nos leva á igrexa de San Pedro de Toedo, do século XVI, precedida por un fermoso cruceiro. A 4 km, atoparemos a capela de Nosa Señora de Aránzazu do século XIX e seguimos por camiños tradicionais ata a fermosa área recreativa da Fonte do Barco para rematar esta etapa na



ponte de Ponteveda sobre o río Ulla; un ben de interese cultural de orixe medieval con seis monumentais arcos oxivais que separan as provincias de Pontevedra e A Coruña.